

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anuncio de información pública do estudo de detalle da parcela EU-7 do polígono 1 do Plan parcial do solo urbanizable programado número 5 (SUP-5). A Choupana.

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 7 de abril de 2008, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

a) Aprobar inicialmente o estudo de detalle da parcela de equipamento universitario (EU-7), sita entre as avenidas de Barcelona e Mestre Mateo, segundo o proxecto presentado pola Universidade de Santiago de Compostela o 27 de marzo de 2008.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 86.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o proxecto someterase á información pública durante o prazo de vinte días, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e nun xornal de circulación na provincia.

Durante o prazo de vinte días, contado a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, os interesados poderán consultar o expediente no Servizo de Planeamento e Xestión e formular as alegacións que xulguen oportunas.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2008.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde

CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Anuncio.

No BOP de Pontevedra nº 52, do 13 de marzo de 2008, publícanse integramente as bases da convocatoria do concurso-oposición para a provisión de dúas prazas de operarios/as de xardinaría e outros, vacantes no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Soutomaior.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais, contados a partir do seguinte a aquel en que este anuncio se publique no BOE.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria publicaranse no BOP de Pontevedra e no taboleiro de anuncios do concello.

Soutomaior, 13 de marzo de 2008.

Agustín Reguera Ocampo
Alcalde

e) OUTROS ANUNCIOS**FUNDACIÓN PÚBLICA DE URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061**

Anuncio.

A *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061* fai solicitude pública de ofertas para os seguintes expedientes de contratación:

-Arrendamento e mantemento de dúas fotocopiadoras (expediente AC-FUS1-08-012).

-Contratación de diversas pólizas de seguros privados (expediente AC-FUS1-08-015).

Prazo de presentación de ofertas: deberán presentarse nas oficinas da *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061*, sitas no Hospital Psiquiátrico de Conxo, praza Martín Herrera, nº 2-2ª planta, 15706 Santiago de Compostela, ata o 15 de maio de 2008 (incluído).

Documentación de interese para os proponentes: os pregos e demais documentación complementaria poden ser solicitados nas oficinas da *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061*, ou a través da internet, no seguinte enderezo: www.sergas.es, desde o 25 de abril ao 15 de maio de 2008 (incluído). No caso de precisar máis información poden chamar ao teléfono 881 54 64 31.

Apertura de sobres: o sobre nº 2 (2A-Referencias técnicas e 2B-Proposición económica) abrirase o 26 de maio de 2008 a partir das 9.00 horas.

Gastos de anuncios: serán por conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2008.

María Cegarra García
Directora da *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061*

COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROUS TÉCNICOS INDUSTRIAIS DA CORUÑA

Edicto.

Acordo de creación de ficheiros de datos de carácter persoal de titularidade pública do Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos e Industriais da Coruña.

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña (Coeticor), en sesión que tivo lugar o día 23 de maio de 2007 acorda, por unanimidade, a aprobación da disposición de creación de ficheiros de titularidade pública de carácter persoal do colexio, nos seguintes termos:

Artigo 1º.- Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal de titularidade pública de responsabili-

dade de Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña (Coeticor), que se relacionan nos anexos desta disposición e que deberán adecuarse aos termos e condicións previstos no artigo 20 da Lei orgánica 15/99, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e disposicións de desenvolvemento.

Artigo 2º.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO I

Ficheiros de profesionais: colexiados, acreditados e inscritos

Ficheiros que conteñen datos de carácter persoal e de actividade dos profesionais. Usos e fins: rexistro de colexiados, acreditados e inscritos. Control de títulos, de exercicio profesional e especialización. Acreditación da habilitación profesional dos colexiados, dos acreditados e dos inscritos. Control de incompatibilidades profesionais. Rexistro de cargos corporativos. Xestión de cotas colexiais. Lista de peritos xudiciais e extraxudiciais. Emisión de certificacións e acreditacións relacionadas co exercicio de potestades xurídico-públicas. Fins científicos históricos e estatísticos. Mediación e arbitraje. O exercicio de calquera outra potestade estatutaria de dereito público. Responsable de ficheiros: Coeticor. Colectivo afectado: enxeñeiros técnicos industriais e peritos industriais colexiados e, se é o caso, os seus herdeiros ou beneficiarios. Procedemento de recollida de datos: fichas de adscrición, declaracións, documentais ou telemáticas. Estrutura básica e tipos de datos: datos identificativos: nome e apelidos. DNI/NIF, pasaporte e/ou permiso de residencia. Enderezo profesional: inclúe teléfono, fax, correo electrónico e web. Enderezo particular (logo de consentimento). Datos de características persoais: data e lugar de nacemento. Nacionalidade. Sexo. Datos académicos e profesionais: adscrición ao colexio correspondente. Data de alta e, se é o caso, cambios, modificacións, comunicacións de exercicio profesional en distinto ámbito territorial ao do colexio de adscrición e baixa colexial. Número de colexiado. Outros números de identificación, se é o caso. Data de expedición do título e universidade. (No caso de titulados estranxeiros, ademais, documento acreditativo do recoñecemento, homologación ou validación do título). Colexio/s de adscrición de procedencia, data e causa de alta e baixa. Circunstancias que afectan a habilitación profesional e incompatibilidades. Ámbito territorial de actuación no exercicio da profesión. Linguas oficiais e idiomas. Modalidades de exercicio profesional e especializacións. Cargos corporativos. Outros datos: domiciliación bancaria. Réxime de previsión social. Cesiões previstas: Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais, Consello Xeral de Colexios Oficiais de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais, Unión de Asociacións de Enxeñeiros Técnicos Industriais, *Fundación Técnica Industrial* e entes afíns da organización colexial da enxeñaría técnica industrial. Consellos e

colexios doutras profesións, cando sexa para o exercicio de competencias similares ou cando así se dispoña nunha lei. Órganos xurisdicionais: Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas, local e institucións de carácter público competentes, para o exercicio de competencias similares ou cando así o estableza unha lei. Servizos públicos responsables da produción de estatísticas oficiais. Seguros de responsabilidade profesional. Calquera outra que resulte da normativa vixente, con rango de lei. Transferencias: autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea, de orixe ou de acollida, dos profesionais inscritos. Se é o caso, organismos e entidades internacionais, con competencia na materia. Unidade ou servizo ante o que se pode exercer o dereito de acceso: Secretaría Xeral do Colexio da Coruña, na sede domiciliada na rúa Cabo Santiago Gómez, nº 8 da Coruña. As delegacións de Santiago e Ferrol remitirán o exercicio destes dereitos á sede central da Coruña. Medidas de seguridade: nivel básico.

ANEXO II

Ficheiros relativos a recursos, queixas, denuncias e sancións profesionais

Ficheiros que conteñen datos persoais e profesionais dos colexiados acreditados e dos inscritos en relación con queixas, denuncias, informacións reservadas e expedientes disciplinarios, conforme a lexislación de colexios profesionais. Usos e fins: rexistro de reclamacións, queixas e/ou denuncias presentadas fronte a actuacións dos profesionais colexiados, dos acreditados e dos inscritos. Control de tramitación e resolución de queixas e denuncias. Control deontolóxico e disciplinario do exercicio profesional. Xestión e control de tramitación de expedientes. Xestión e control de recursos relacionados coa tramitación de expedientes en vía administrativa e xurisdicional. Emisión de certificacións. Cumprimento e execución de resolucións e sentenzas. Responsable de ficheiros: Coeticor. Colectivo afectado: enxeñeiros técnicos industriais e peritos industriais, acreditados e inscritos, denunciante e interesados. Procedemento de recollida de datos: documental ou telemático procedentes de denuncias ou reclamacións relacionadas co procedemento. Estrutura básica e tipos de datos: datos especialmente protexidos relativos a infraccións; datos referentes a dilixencias informativas, tramitación de expedientes e cumprimento e execución de resolucións e sentenzas. Datos identificativos: nome e apelidos. DNI, pasaporte e/ou permiso de residencia ou traballo. Enderezo para os efectos de notificacións. Datos académicos e profesionais: adscrición colexial. Número de colexiado, de acreditado ou de inscrito. Modalidade de exercicio e especialización. Autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea, ou de orixe ou de acollida, dos profesionais acreditados e dos inscritos. Datos económico-financeiros: domiciliación bancaria. Cesiões previstas: Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais, Consello Xeral de Colexios Oficiais de

Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais, Unión de Asociacións de Enxeñeiros Técnicos Industriais, *Fundación Técnica Industrial* e entes afíns da organización colexial da enxeñaría técnica industrial. Consellos e colexios doutras profesións, cando sexa para o exercicio de competencias similares ou cando así se dispoña nunha lei. Órganos xurisdiccionais. Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas, local e institucións de carácter público competentes para o exercicio de competencias similares ou cando así o estableza unha lei. Servizos públicos responsables da produción de estatísticas oficiais. Calquera outra que resulte da normativa vixente, con rango de lei. Transferencias: autoridades competentes dos Estados membros da Unión Europea, ou de orixe ou de acollida, dos profesionais acreditados e dos inscritos. Consello de Colexios da Unión Europea, se é o caso. Unidade ou servizo ante o que se pode exercer o dereito de acceso: secretaría correspondente de cada corporación de dereito público. Medidas de seguridade: nivel medio.

ANEXO III

Ficheiro de visados colexiais

Usos e fins: rexistro e control das intervencións profesionais dos colexiados. Acreditación da identidade, titulación e habilitación legal e colexial do técnico autor do traballo ou documentación profesional obxecto do visado. Control de incompatibilidades e outras circunstancias inhabilitantes. Acreditación da corrección e integridade formal da documentación integrante do traballo profesional suxeita ao visado. Xestión do cobramento dos honorarios profesionais dos colexiados, se é o caso, logo de petición destes. Elaboración de estatísticas. Responsable de ficheiro: Coeticor. Colectivos afectados: colexiados autores dos traballos profesionais que se presentan a visado corporativo e as súas peticións. Procedemento de recollida de datos: impreso de solicitude de visado presentado no colexio polos colexiados afectados. Eventualmente, en caso de xestión de cobramento de honorarios, contrato de prestación de servizos entre colexiados e peticionario. Tipos de datos: datos do colexiado: nome e apelidos. NIF, enderezo profesional (inclúe teléfono, fax e correo electrónico, se é o caso). Porcentaxe de intervención no traballo. Clase de exercicio profesional (autónomo ou ao servizo dunha empresa). Datos da Administración ou empresa á que se vincúlase. Datos do cliente e, se é o caso, do seu representante. Nome e apelidos. Enderezo (inclúe teléfono, fax e correo electrónico, se é o caso). NIF, datos do traballo que se vai desenvolver: tipo de intervención profesional. Localización da obra, construción ou instalación. Características e data do proxecto. Orzamento de execución material da obra, construción ou instalación. Principais parámetros técnicos do proxecto: superficie, potencia eléctrica, potencia térmica. En caso de encargo de xestión de cobramento, honorarios convidados co peticionario. Cesións previstas: axentes intervenientes na obra, construción ou instalación (propietario, promotor, construtor, coordinador de seguridade e saúde e outros técnicos faculta-

tivos). Administracións públicas competentes. Órganos xurisdiccionais. Interesados lexítimos: contratantes e destinatarios do servizo profesional e os seus habentes causa. Unidade ou servizo ante o que se poida exercer o dereito de acceso: secretaría correspondente de cada corporación de dereito público. Medidas de seguridade: nivel básico.

A Coruña, 23 de maio de 2007.

Edmundo Varela Lema

Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña

QUALITY MANAGEMENT, S. COOP. GALEGA

Anuncio.

Fai público, de conformidade co artigo 84 da Lei 51/1998, a adopción por unanimidade do acordo de transformación en sociedade limitada coa denominación *García Barbón Centro de Negocios, S.L.*, mantendo invariable a súa cifra de capital social.

Vigo, 14 de marzo de 2008.

Beatriz Zugazagoitia Rodríguez
Presidenta do Consello Reitor

XESTIÓN URBANÍSTICA DE LUGO, S.A.

Anuncio de convocatoria do concurso para a adxudicación do contrato de obras de urbanización e electrificación do parque empresarial de Landrove-Viveiro (Lugo).

Orzamento (IVE incluído): 4.168.383,48 euros.

Prazo de execución: 12 meses.

Clasificación: G-6-f, I-9-d.

As bases do concurso poderán examinarse nas oficinas de *Xestión Urbanística de Lugo, S.A.* (Xestur Lugo), sitas na praza de Santo Domingo, 6-5º, das 12.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

As proposicións e demais documentación exixida para concursar, conforme establece o prego de bases, deberán ser presentadas, das 12.00 ás 14.00 horas, nas oficinas de Xestur Lugo, no prazo de 30 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio.

Para a admisión de ofertas por correo, os concursantes deberán comunicar a Xestur Lugo, mediante burofax, a presentación da oferta, na forma indicada no prego de bases do concurso.